

Norma primeira. Admisión Convocatoria de admisión, matrícula e avaliación nas ensinanzas de grao para o curso 2023/2024

1.7. Curso ponte

Quen estea en posesión dun título de diplomado, de mestre ou de enxeñeiro técnico e desexe obter o correspondente título de grao deberá cursar o curso ponte. O cadro coa oferta de prazas indica as direccións de internet onde se pode consultar se existen ou non criterios específicos de selección e/ou outros requisitos. A admisión solicitarase segundo o establecido na [sede electrónica](#).

Cada centro constituirá unha comisión de valoración das solicitudes admitidas a trámite que estará integrada como mínimo por un presidente, tres vogais (dous membros do profesorado e un membro do persoal de administración e servizos) e un secretario. Poderase determinar que a comisión de recoñecementos e validacións asuma este procedemento. Cada comisión resolverá ponderando os criterios de selección segundo o baremo aprobado para cada caso.

A nota media do expediente calcularase de acordo co protocolo de colaboración subscrito entre a consellería e as universidades galegas para a valoración dos expedientes académicos, [resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria](#) e ao establecido no [Real Decreto 1125/2003](#).

Poderán recoñecerse materias agás o Traballo de Fin de Grao (TFG) que en ningún caso poderá ser obxecto de recoñecemento.

Naqueles casos no que a titulación contemple a incorporación de mencións, o título de grao obtido mediante a realización do curso ponte non supón a obtención de ningunha delas. Quen, unha vez rematado o curso ponte, desexe obter unha mención específica, deberá cursar o total de créditos optativos da mención correspondente.